



FICHA DE TRABAJO	
MÓDULO	MICROBIOLOXÍA CLÍNICA
UNIDADE DIDÁCTICA	UD8
PRÁCTICA: 12	Preparación de medio de cultivo Agar Sabouraud e Sementeira de fungos filamentosos

PROTOCOLO NORMALIZADO DE TRABAJO

OBXETIVOS

- Obxetivos xerais:
 - Coñecer os medios de cultivo específicos para fungos.
 - Practicar a técnica de sementeira de fungos filamentosos.

- Obxetivos específicos:
 - Comparar os métodos de sementeira bacteriana cos métodos de sementeira de fungos.
 - Incidir sobre as diferencias, en canto a condicións de Tª de incubación, dos fungos levarudiformes e filamentosos.

MATERIAIS

⇒ Preparación de Agar Sabouraud cloranfenicol.


- Materiais comúns para a preparación de medio de cultivo sólido en placa (placas Petri, auga destilada, balanza, matraz, placa calefactora con axitación, tiras indicadoras de pH, etc).
- Agar Sabouraud cloranfenicol deshidratado.
- Preparar segundo instrucións do fabricante.
- No vertido do medio en placa, lembrar que no caso dos fungos **a cantidade de medio por placa debe ser en torno ós 40 ml** (o dobre que para as bacterias).

⇒ Para o cultivo.

- Mostra biolóxica: uñas con signos de presentar colonización por fungos.
- Tesoira ou bisturí.
- Pinzas.
- Placas de Agar Sabouraud cloranfenicol.
- Chisqueiro de alcohol.
- Asas de sementar.
- Parafilm.

MÉTODO

- Trocear ou raspar as uñas.
- Depositar en tres puntos equidistantes un pouco da mostra, sobre o agar Sabouraud.
- Selar a placa con parafilm.
- Incubar entre 25-28°C.



RESULTADOS

- Documenta os pasos realizados no procedemento con fotos.
- Vai comprobando o desenvolvemento do cultivo ó longo dos días, anotando en qué data empezas a detectar crecemento.
- Cando obteñas colonias, fai unha descripción detallada da súa morfoloxía macroscópica.

CUESTIÓNS

1. En base á morfoloxía macroscópica:
 - a) As colonias son pigmentadas? No caso de que a resposta sexa afirmativa, o pigmento difundiu ó medio de cultivo?
 - b) Tendo en conta o tipo de mostra e a morfoloxía macroscópica, a qué xénero cres que podería pertencer?
2. Por qué se utiliza máis cantidade de medio de cultivo para preparar as placas que no caso do cultivo bacteriano?
3. Qué función desempeña o cloranfenicol no medio de cultivo?
4. No caso de necesitar observar as estruturas fúnxicas completas (non fragmentadas) para a identificación, qué método de cultivo realizarías?

<https://www.youtube.com/watch?v=si0A5KTB8U8> (Cultivo de fungos)